

Permisos adicionais por COVID: os permisos da vergoña e a desigualdade

Dende **CIG-SAÚDE** denunciámos dende o principio que os permisos adicionais por COVID ían a xerar desigualdades entre os/as profesionais.

Non fixo falta moito tempo para que se fagan evidentes.

A pesares de que no Plan de continxencias recollía que o persoal de atención primaria tiña dereito a este permiso, a realidade supera o que se establece no papel.

Nalgunhas xerencias están a denegarlles o permiso porque ao seu entender non cumpren os requisitos que marcan as instrucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS sobre a aplicación de varias medidas contidas no Plan de continxencia COVID-19.

A definición de "EPI completo" xunto con que o uso deste será como mínimo durante o 80% da xornada, dificulta enormemente a súa concesión e xera uns agravios enormes entre colectivos e entre diferentes áreas sanitarias.

A maiores de todo isto, **o propio plan de continxencias impide a contratación para a cobertura destes permisos**, o que se traduce en que o pouco que se concede en atención primaria é a costa de que non se cubran esas ausencias, deixando aos centros nunha situación máis penosa se cabe que a que xa están vivindo na actualidade.

Dende CIG-SAÚDE esiximos a recuperación dos dereitos laborais e retributivos e non esmolos que teñen difícil aplicación.